COLABORACIÓNS páxinas 2 a 6
COMPLEMENTARIAS páxinas 7 a 17
ESCOLARES páxinas 18 a 21
BIBLIOTECA páxina 22
ANPA páxina 23

EXCURSIÓN A MALLORCA

Este ano, 2014, fomos de excursión de fin de curso a Mallorca. A nosa profesora Pepita non puido vir connosco por motivos de saúde ; pero no seu lugar foi a profesora de inglés Patricia ; con nós tamén viñeron outros profesores; María José , Esther, Manuel , e o director Xose Manuel.

A excursión comezou o día 2 de xuño, ás 15:00 h. tivemos que estar no aeroporto. Despois de tantas fotos, tantos bicos e tantos abrazos… logramos embarcar no avión cara Mallorca.

Ao chegar a Palma facía demasiada calor para o que estabamos acostumados. Collemos as maletas do autobús para ir cara o hotel. Despois de aloxarnos fomos dar un paseo polo O Arenal (que non che era moi infantil).

O primeiro día estabamos moi nerviosos pois non fomos capaces de conciliar o sono.

O día seguinte visitamos o Castelo de Bellver e o Palacio da Almudaina onde se celebran os actos oficiais cando os Reis están en Mallorca. Enfrente, a fermosa Catedral de Mallorca.

O mércores fomos o Aqualand, o mellor parque acuático de Europa. Pasámolo ¡¡bomba!!; en xeral as atraccións máis divertidas foron: o Banzai, o Tornado, Gran Cañón, Rapids e Black Hole.

O xoves fomos visitar un pequeno pobo chamado Valldemossa. Saímos de Port Sóller para ir a praia da Calobra, unha das praias máis bonitas as que fomos.

O venres visitamos Porto Cristo, bañámonos na súa praia e pasámolo xenial porque construimos un volcán de area coa axuda da profesora Patricia. Logo visitamos as Covas do Drach que nos impresionaron moito e fomos nunha barca polo lago subterráneo.

O sábado 7 fomos ao Western Park onde se atopa o tobogán máis alto de Mallorca. As mellores atraccións foron: o boomerang e a piscina de ondas, onde tivemos un monitor de aqua dance moi divertido.

O domingo 8, como era o último día, estabamos moi tristes porque non queriamos marchar. Realizamos algunhas compras, comemos no hotel e desprazámonos ao aeroporto para coller o avión que nos traería de volta ás nosas casas.

O máis importante desta excursión foi coñecer máis a fondo aos nosos compañeiros.

Finalmente agradecer aos mestras e mestres toda a axuda que recibimos deles durante o noso paso polo colexio.

Os alumnos de 6º B recordaremos con moitísimo cariño ás nosas mestras e mestres.

Natalia Gil, Daniela López, Irene Fernández